

VARIETADES GALEGAS



Luguesa



Negral 1



Parede 1



Raigona



Rapada 1



Ventura

PUBLICACIÓNS

- BOE, 2006. Resolución do 7 de febreiro de 2006, da Dirección Xeral de Industria Agroalimentaria e Alimentación, pola que se dá publicidade á solicitude de rexistro Indicación Xeográfica Protexida «Castaña de Galicia».
- Conedera, M., Krebs, P. *et al.* (2004). The cultivation of *Castanea sativa* (Mill.) in Europe, from its origin to its diffusion on a continental scale. *Vegetation History and Archaeobotany*, 13 (3): 161-179.
- Fernández-López, J. (1984). Situación actual y perspectivas de los castañares tradicionales gallegos. Congreso Internacional sobre el Castaño. Lourizán: 105-119.
- Fernández-López, J. (1990). Plantexamentos para o proxecto de selección varietal de castiñeiro. Cuadernos da Área de Ciencias, 9. A Industrialización dos produtos do campo: 33-42.
- Fernández-López, J. e Pereira, S. (1993). Inventario y distribución de los cultivares tradicionales de castaño (*Castanea Sativa* Mill.) en Galicia. Madrid, MAPA. Monografía INIA, nº 87.
- Furones, P. e Fernández-López, J. (2005). Diferenciación entre cultivares de castaño utilizando caracteres adaptativos. Zaragoza, IV Congreso Forestal Español. Actas do Congreso.
- Furones, P. e Fernández-López, J. (2005). Differentiation among chestnut cultivars using adaptative and morphological traits. *Acta Hort.* (ISHS) 693: 497-504.
- Pereira-Lorenzo, S. e Fernández-López, J. (1997). Los cultivares autóctonos de Castaño (*Castanea sativa* Mill.) en Galicia. Madrid. MAPA. Monografías INIA, nº 99.

Autoras:
Pilar Furones Pérez e Josefa Fernández-López

Estudo realizado a partir de varios proxectos de I+D. O último proxecto é o RF2006-00024 "Identidade, caracterización morfolóxica e fenolóxica da colección de variedades tradicionais galegas de castiñeiro". Subprograma nacional de conservación de recursos xenéticos de interese agroalimentario. 2006-2008. As parcelas e toma de datos foron financiados con cargo ao Plan de mellora xenética forestal para Galicia 2000-2006. UE-Fondos FEOGA- Xunta de Galicia.



INTRODUCCIÓN

O cultivo de castiñeiro para a produción de froito desenvolveuse en países mediterráneos probablemente durante a Idade Media. En Galicia hai evidencias da existencia de variedades enxertadas desde o século VIII d.c. Un elevado número de variedades enxertadas consérvanse nos soutos tradicionais do centro de Galicia e da montaña oriental galega. As variedades locais de castiñeiro adoitan denominarse variedades de conservación por estar adaptadas ás condicións locais e porque a súa conservación está ameazada tanto pola erosión xenética debida ao abandono dos soutos coma pola perda de transmisión oral da cultura sobre o castiñeiro. Gran parte das variedades teñen unha distribución xeográfica moi local. As variedades locais do castiñeiro serán a base da Indicación Xeográfica Protexida «Castaña de Galicia».



En 1984 iniciouse no CINAM-LOURIZÁN o programa co obxectivo de caracterizar os cultivares tradicionais de castiñeiro de Galicia para tomar decisións de conservación e elaborar recomendacións de uso. Para iso realizouse un inventario de cultivares en 1985. Posteriormente, no período 1989-2004, realizouse unha avaliación *in situ* mediante caracteres morfolóxicos e cinco *loci* isoencimáticos. Gran parte das denominacións varietais resultaron ser policlonais, cun clon máis frecuente. As accesións dos clons máis frecuentes foron introducidas nunha colección plantada en 1997.



Durante o período 2003-2006 verificouse a identidade das árbores incluídas na colección utilizando 11 isoencimas e avalíouse a colección mediante caracteres fenolóxicos e morfolóxicos. Un carácter de gran interese económico, como o calibre, presentou unha influencia ambiental moi importante, indicando que a clasificación por esta característica debe tomarse con precaución e que a calidade do sitio, ou clima da estación en curso, a competencia, ou vigor da árbore, así como as operacións de limpeza, podas e renovacións da copa afectan de forma moi importante esta característica. A tabicación da castaña presentou pouca variabilidade e gran parte das variedades presentaron unha tabicación baixa ou nula.

VARIETADES GALEGAS

Algunhas das características máis importantes das principais variedades avaliadas en colección foron:

- **Data de abrocho:** moi temperá (antes do 26 de marzo), temperá (do 26 de marzo ao 15 de abril), media (do 16 ao 30 de abril), serodia (do 1 ao 15 de maio) e moi serodia (despois do 15 de maio).
- **Tipo de amento masculino:** astaminados (flores estériles), braquistaminados (estames curtos e con pouco pole), mesostaminados (estames pouco maiores ca o periantio, producen pouco pole) e longistaminados (estames longos e con abundante pole).
- **Rachado do pericarpio da castaña en porcentaxe de castañas rebentadas:** baixo (menos do 15%), medio (entre o 15% e o 30%) e alto (maior do 30%).
- **Penetración do tegumento nos cotiledóns:** débil, medio e forte.
- **Forma da castaña segundo a relación longo/ancho da castaña:** triangular (menor de 100), elíptica triangular (entre 100 e 110), redonda (igual a 100), elíptica ancha (maiores de 120) e elíptica curta (entre 110 e 120).
- **Calibre ou número de froitos por kg:** pequeno (entre 120 e 90), medio (entre 90 e 70) e grande (entre 70 e 45).

Descrición de 12 variedades galegas para seis características avaliadas en colección

Cultivar	Abrocho	Amento masculino	Rachado	Penetración	Forma	Calibre
Amarelante 1	serodio	mesostaminado	baixo	media	elíptica triangular	pequeno-grande
Branca 1	medio	braquistaminado	alto	media	elíptica ancha	medio
Famosa 2	medio	braquistaminado	baixo	débil	elíptica curta	medio
Inxerta	medio	mesostaminado	baixo	media	elíptica triangular	medio
Longal	medio - serodio	braquistaminado	baixo	media	elíptica triangular	medio
Loura	medio	mesostaminado	baixo	media	elíptica ancha	medio
Luguesa	medio	mesostaminado	baixo	media	elíptica ancha	medio
Negral 1	medio	longistaminado	baixo	media	elíptica curta	medio
Parede 1	medio	mesostaminado	baixo	media	elíptica triangular	pequeno-medio
Raigona	medio	braquistaminado	baixo	media	elíptica curta	medio
Rapada 1	medio	mesostaminado	baixo	media	elíptica curta	pequeno-medio
Ventura	medio - serodio	mesostaminado	baixo	media	elíptica triangular	pequeno-medio



Amarelante 1



Branca 1



Famosa 2



Inxerta



Longal



Loura